

públicas e do procedemento administrativo común, esta dirección

RESOLVE:

Facer pública a concesión de catro bolsas de formación na área da estatística pública no Instituto Galego de Estatística, nos termos que seguen:

- * Pablo Torrado Solar, con NIF: 44828434-P.
- * María Martínez Lamas, con NIF: 44829502-H.
- * Javier Villar Burke, con NIF: 44830412-P.
- * Rosalía Bermúdez Santos, con NIF: 35467266-R.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non estimar a interposición deste recurso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2005.

José Antonio Campo Andión
Director do Instituto Galego de Estatística

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 3 de maio de 2005 pola que se modifica o programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia.

Mediante Resolución do 24 de marzo de 2003 fíxose público o programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 63, do 31 de marzo).

Prétendese que as solicitudes de préstamos a proxectos emprendedores se poidan realizar en calquera momento, comprendido entre a data de solicitude de cualificación como proxecto emprendedor e a data fixada como límite do período de vixencia da citada cualificación.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar a seguinte modificación, acordada polo Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 28 de abril de 2005, do programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia:

-Modifícase o artigo segundo, punto referente aos prestameiros:

«-Prestameiros: persoas xurídicas cun proxecto cualificado como emprendedor de acordo co esta-

blecido na base 5ª das bases reguladoras de axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o Programa Emprendedores e que o dito proxecto requira para a súa maduración e viabilidade unha achega financeira en condicións favorables, dentro do período de vixencia da citada cualificación».

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Resolución do 11 de maio de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o programa Emprendedores.

A experiencia acadada na xestión do programa Emprendedores amosa a realidade de que para moitos proxectos transcorre un tempo elevado entre a resolución de cualificación, emitida ao abeiro da base 5ª e a solicitude de apoios á implantación do proxecto emprendedor da base 6ª. Como queira que a solicitude de axuda ao abeiro da base 6ª debe fundamentarse no plan de empresa cualificado na base 5ª, este desfase temporal fai que poidan existir diferenzas ou desviacións na execución dos proxectos con relación ás previsións enunciadas no plan de empresa e, consecuentemente, diferenzas entre actos administrativos, os cales, substancialmente, deben responder ao mesmo proxecto.

Por todo o que antecede, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar as seguintes modificacións, acordadas polo Consello de Dirección do instituto na súa reunión do 28 de abril de 2005, das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica para o programa de Emprendedores feitas públicas mediante Resolución do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo), co obxecto de que as solicitudes ao abeiro das bases 5ª e 6ª se realicen de xeito simultáneo:

1. Substitúese a base 3.3 c) I) polo texto seguinte:

«Que o proxecto para o que se solicita o apoio, acreditando a súa viabilidade técnica e económica obteña a cualificación de Emprendedor, segundo se establece na base 5ª».

2. Substitúese o anexo II polo que se une a esta resolución.

3. Substitúense as alíneas 2 A), 3 A) e 3 B) do anexo III polos que se unen a esta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica